

A

razón principal pola que o Equipo de Normalización Lingüística do IES "Poeta Añón" de Outes decideu facer esta dobre e sinxela biografía de Prudencio Romo e de Pucho Boedo é que estes dous artistas foron a "alma mater" ou os que máis identifican o seu nome co do grupo "Los Tamara", sen desmerecer ou menoscabar a importancia dos demais integrantes da orquestra.

Prudencio, como director musical, e Pucho, coa súa voz inconfundible, lévannos inmediatamente a asociar o seu nome co do mítico grupo galego.

E, a parte do mérito persoal de ámbolos dous (dous artistas fóra de serie), está o de seren integrantes do primeiro grupo galego, que gravou no idioma da Nosa Terra, nuns tempos nos que non era doado facelo, polas condicións políticas, que envolvían a vida do país (España).

Por este mérito, houbo quen falaba de adicarlle a Pucho un "Día das Letras Galegas" (persoalmente consideramos que un homenaxeado con ese día, ten que ser alguén, que se distinga por un labor algo distinto), pero iso non obsta para que se recoñeza o traballo, que a prol da difusión da Lingua realizaron "Los Tamara" e, en concreto Pucho e Prudencio, ou Prudencio e Pucho, que tanto monta, monta tanto...

O tempo pasa, e o esquecemento vai borrando, como o fai a chuvia, o que hai uns intres estaba presente e escrito na area. Para que isto non ocorra coas xeracións vindeiras e tamén coas presentes, que veñen xurdindo, é polo que nos dispuxemos a rescatar da memoria do tempo estas dúas biografías e amosar o por que desta pequena homenaxe a dous sinalados persoeiros de Galicia.

P

P

Pucho Boedo



un crooner na fin do mundo

José (Pepe = Pepucho = Pucho) Boedo Núñez naceu en A Silva- A Ramallosa, no barrio coruñés do Ventorrillo, en data sen especificar (día e mes) do ano 1.928. Seu pai era membro da CNT (Confederación Nacional de Traballadores), e morreu a consecuencia das represalias da Guerra Civil no ano 1.936, cando aínda Pucho non cumprira os 9 anos.

No ano seguinte (1.937) outro irmán seu, José Antonio, tamén foi fusilado polas forzas do Movemento. Manolo, outro irmán, que daquela contaba 16 anos, fuxiu, e, grazas a

eso, puido salvarse. Moitos anos máis tarde, a finais da década dos setenta, encontraríanse os dous irmáns.

Todos estes acontecementos tristes para a familia influíron no carácter de Pucho ó longo de toda a súa vida. Había no seu ollar un non sei que de tristura e de xenreira.

A finais dos corenta escomezou a cantar en “Radio Juventud” de A Coruña, e no ano 1.953 gañou un concurso de canto, que tivo lugar no “Kiosko Alfonso”, nos xardíns da Mariña coruñesa.

Ó gañar o certame, Alfonso Saavedra, director da Orquestra “Los Trovadores”, fixouse nel e contratouno para actuar de forma profesional coa agrupación. Xa antes pasara por distintas formacións coruñesas...

Dous anos máis tarde, no ano 1.955, pasouse á outra das grandes orquestras da Coruña, “Los Satélites”, cos que se embarcou cara a Venezuela nunha xira de catro meses, sendo a primeira agrupación galega que cruzou o Atlántico, para levar ós galegos da diáspora os sons da “Música da Terra”.

Cando a Orquestra retornou á súa base galega trouxo a Europa (España e Galicia) os ritmos da música tropical (salsa) uns 20 anos antes de que esta fora promocionada, a nivel mundial, polos “hispanos” de Nova York. No país caribeño estiveron durante catro meses e actuaron nos canais 5 e 8 da TV venezolana. Foi denominado “a voz romántica de Sudamérica”.

A orquestra voltou, pero Pucho permaneceu algún tempo máis en Venezuela. Eufemisticamente, alguén dixo que se quedara alí para coñecer os segredos dos Caribe, cando o máis axeitado sería dicir que se namorou dalgunha caraqueña e que se quedou alí, mentras a orquestra retornaba.

Nembargantes, tamén el regresou despois das “quenturas do Trópico” para xuntarse en Madrid, de novo, cos seus antigos compañeiros de “Los Trovadores”, xa que, dada a falta de traballo no inverno, nas festas populares de Galicia e a escasez de locais de

baile, tanto polo atraso do país, como pola influencia “eclesiástica” (ó prohibírense os bailes en Coresma) os mellores e máis decididos adoitaban pasar ó inverno nas saas de festa da capital do Estado.

A propósito da escasez da traballo no inverno, cóntase a anécdota de que cando os músicos coruñeses se reunían para facer tertulia ou bota-la partida nos cafés da “calle dos Olmos”, ou noutros lugares, cando discutían e apostaban algo, no verán dicían:

- ¡¡¡Xógoche mil pesos!!!, pero no inverno, cos petos valeiros, asertaban:

-“¡¡Xúrocho por mi madre!!”...



Con Los Trovadores, gravou os primeiros discos en Madrid. De noite actuaba no salón de té “Casablanca” e noutros locais. Chamado por Prudencio Romo, no ano 1.961, uniuse a “Los Tamara”, que estaban no extranxeiro (Marsella), ó teren estes un problema con Germán Olariaga o vocalista titular, que os deixou prantados, da noite á mañán, ó namorarse dunha rapaza e largarse con ela para a Illa de Córcega. Desde entón, xa o seu nome quedaría vencellado ó do mítico conxunto noiés.

Foi chamado, polo seu estilo de recitar as letras e “dicidor” de cancións, o “crooner do fin do mundo”, que é o mesmo que comparalo con Sinatra e con outros monstruos da canción universal. Boleros, rancheiras, xotas, tangos, melodías italianas ou de salsa tropical, a todo lle daba o cantante do Ventorrillo.

Triunfou no “Olympia” de París (estiveron contratados 2 meses) cantando á beira (cecais facendo de “teloneiros”) de artistas xa consagrados, coma Charles Aznavour, Jacques Brel ou Gilbert Bécaud.

En Suiza cantou en galego diante dos paisanos da emigración, tanto música popular, como textos de Curros, Celso Emilio Ferreiro, Francisco Añón ou Rosalía, musicados

expresamente para el por Prudencio Romo.

O primeiro disco dos Tamara foi gravado co selo francés Bel-Air no ano 62. No ano 1964 gravaron “Galicia, Terra nosa”. No 76 deixou a Los Tamara e no ano 1.982 voltou a cantar en solitario.

En canto á saúde, tivo problemas de ril e precisaba da diálise. Ó retirarse, trasladouse a vivir a Mallorca, onde disque residía a súa filla, (estaba casado e a súa muller chamábase Julia, que, en contra do que algúns afirmaron, coidou del ata os últimos momentos) e onde tiña máis facilidades para facer a diálise, que precisaban os seus rils.

Nas Illas Baleares estivo parando na Casa Gallega de Palma, un restaurante propiedade do ex-futbolista do Atlético de Madrid e betanceiro, Amador Cortés García (Amador), co que o unía unha grande amizade. Neste restaurante coincidiu co tamén betanceiro e, asimesmo, garda-redes do Real Madrid, Francisco Buyo.

Faleceu na Coruña, a onde voltara no ano 1.983, (porque daquela xa había aquí facilidades para o tratamento, que estaba a levar), o día 26 de xaneiro de 1.986. Dise que dun cancro de garganta. Tamén se di que fumaba moito.

Relacionadas con Pucho hai infinidade de anécdotas. Contarei unha, que, ata certo punto, lle atinxe ó noso IES “Poeta Añón”:

O cantante era moi amigo do avó dunha persoa, que traballou durante uns oito anos no Instituto da Serra e, en consecuencia do fillo dese avó-gaiteiro.

Hai uns corenta anos (aló polo ano 1.957) ó avó nacéronlle, sen esperalo, xemelgos (neto e neta) e o pai foille comunicar a nova ó avó, que ía selo padriño e se atopaba tocando diana nunha aldea preto de Sada.

Pucho, que aínda non se retirara da festa do día anterior, na que estivera cantando coa orquestra, ó oír que había dous nenos para bautizar, dixo que non se falara máis, que el se facía cargo do apadriñamento do segundo (da nena).

Como espléndido que era, botou a casa pola fiestra e mercoulle

á afillada un berce torneado, como xamais se vira polos arredores de Sada, de onde era o amigo. A cuna ou berce serviu de cama á rapaza e gardouse no faiado, cando esta xa non a precisou.

Pasado o tempo (trinta e tantos anos) a xemelga casou e tivo un “Davidiño”, que, como o berce era unha obra de arte, aínda estaba en perfecto estado e servulle de cama ó bisneto do avó-gaiteiro...

No 2.006, co gallo do 20º aniversario da súa morte fíxoselle unha homenaxe no Pazo de Ópera da Coruña, coa presenza da TVGA. Neste festival estiveron, entre outros artistas, Deluxe, Miguel Ríos, Nacho Novo, e, facendo de presentador, Xurxo Souto.

Fíxoselle tamén outra homenaxe en Londres, por parte da xente da Terra, que estaba na emigración.



Miguel Ríos, un cantante amigo del, nos tempos de Madrid, que é coñecido entre outras pola súa versión do “Himno a la alegría”, de Beethoven, alcumárao como “un atleta de la noche”... polo moito que “resistía” nas madrugadas madrileñas.

No que atinxe á súa discografía e, conseguintemente, á dos Tamara fixeron, como queda dito arriba, o seu primeiro disco co selo francés Bel-Air no ano 1.962. No ano 1.964 gravaron “Galicia, Terra nosa” coa que tiveron que meter o éxito de entón “Gibaltareña”.

Houbo nun principio algúns problemas coas gravación en galego, tanto por medo ó fracaso de vendas na casa discográfica, como pola forza da censura, problemas que logo se foron disipando.

Podemos citar o caso do tema “A morte de Curros”, que estivo en dique seco, sen saír á venda, uns oito meses por mor da censura, xa que tiña un forte contido de rebelión política.

Nos primeiros tempos cantaban éxitos de outros artistas xa consagrados: Charles Aznavour, da película “Zorba, o Grego”, de Otis Redding e outros temas xa clásicos na discografía de Pucho e dos Tamara, pero máis tarde xa tiñan

eles máis forza diante das casas de discos (Zafiro, Marfer, etc.) para impoñeren máis temas en galego e outros, que ían mellor co estilo de Pucho e do grupo.


Este iniciou a desbanda no ano 1.976, e, aínda que se xuntaron algunha vez, xa foi de maneira esporádica. No ano 2.002 e promocionado polo IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais) e facendo de vocalista Sito Sedes, gravaron un CD titulado “Agora e sempre”.

Citaremos finalmente algúns títulos galegos da súa discografía: Mentras eu peno, As lanchas do xeito, Negra sombra, María Soliña, Monólogo do vello traballador, A meiga, Polo mar abaixo vai, Unha noite na eira do trigo, A outra nai, O vello e o sapo, etc.

Hai tamén temas en castelán, que fan referencia a Galicia: Mi tierra gallega, A Santiago voy, De Santiago vengo, etc.

Outros temas, que inmortalizou Pucho cos Tamara foron: Venecia sin ti, Yo escuché el mar, Camino del Sahara, o tango “Chessman”, e un longo etc.





A razón principal pola que o Equipo de Normalización Lingüística do IES "Poeta Añón" de Outes decidiu facer esta dobre e sinxela biografía de Prudencio Romo e de Pucho Boedo é que estes dous artistas foron a "alma mater" ou os que máis identifican o seu nome co do grupo "Los Tamara", sen desmerecer ou menoscabar a importancia dos demais integrantes da orquestra.

Prudencio, como director musical, e Pucho, coa súa voz inconfundible, lévannos inmediatamente a asociar o seu nome co do mítico grupo galego.

E, a parte do mérito persoal de ámbolos dous (dous artistas fóra de serie), está o de seren integrantes do primeiro grupo galego, que gravou no idioma da Nosa Terra, nuns tempos nos que non era doado facelo, polas condicións políticas, que envolvían a vida do país (España).

Por este mérito, houbo quen falaba de adicarlle a Pucho un "Día das Letras Galegas" (persoalmente consideramos que un homenaxeado con ese día, ten que ser alguén, que se distinga por un labor algo distinto), pero iso non obsta para que se recoñeza o traballo, que a prol da difusión da Lingua realizaron "Los Tamara" e, en concreto Pucho e Prudencio, ou Prudencio e Pucho, que tanto monta, monta tanto...

O tempo pasa, e o esquecemento vai borrando, como o fai a chuvia, o que hai uns intres estaba presente e escrito na area. Para que isto non ocorra coas xeracións vindeiras e tamén coas presentes, que veñen xurdindo, é polo que nos dispuxemos a rescatar da memoria do tempo estas dúas biografías e amosar o por que desta pequena homenaxe a dous sinalados persoeiros de Galicia.



P



Prudencio Romo González naceu en Noia, o 10 de Outubro do ano 1.927. Seu pai era carabiniro (hai quen dixo que garda de asalto, pero non é verdade) e exercía o seu labor en Noia, ou, mellor, no Porto do Freixo, que ven a ser coma o “Porto de Compostela ó cadrado”, xa que Noia, en doce horas diarias non ten mar.

A súa infancia trancurreu primeiro no Freixo (Outes), onde ten confesado, que ía a escola de pequeno, e en Noia, onde vivía a familia. Eran seis irmáns e irmás

(Prudencio, Manolo, Alberto, Mary Carmen, Sofía e Rosita) e, sobre todo, cando o pai estivo no cárcere, por manterse fiel ó Goberno da República (a pesares de ser de ideas conservadoras) pasárono bastante mal e foron axudados por unha tía materna, que lles subministraba todo o que lle daban os seus posibles, que naqueles tempos de guerra e postguerra eran bastante escasos, para cáseque todo o mundo.

Cando o pai deixou o cárcere coruñés de San Antón, ó non atopar traballo como carabiniro, tivo que acollerse a facer de acomodador no Cine Galicia ou Cine de Arriba, que estaba situado no Cantón.

Foi á escola de D^a Trina e tamén foi neno de coro, primeiro na Igrexa parroquial de San Martiño do Sobreiral e máis tarde na Escolanía do Seminario. Alí chegou a gañar unha beca, cantando de tiple no coro da Catedral de Santiago.

Na súa estancia eclesiástica aprendeu os rudimentos da música, que máis tarde foi ampliando nas orquestras e bandas populares e tamén nas do Exército. Andando o tempo completou a súa formación asistindo a clases de armonía e de instrumento en distintos conservatorios.

Ó saír do Seminario traballou un certo tempo de “escribiente” ou contable nos talleres Ayón (Mataperros) de Noia, que naqueles tempos de postguerra eran unha industria en pleno auge, que quitou da fame ou da emigración a moitas familias dos arredores da vila.

Alternando con ese traballo, andivo cantando e tocando en diferentes orquestras da localidade (entre outras a Zitro Zap, da familia Paz Ortiz) e, despois no ano 1.958, decidiu presentarse a un concurso en Radio Vigo.

Para iso fundou un grupo, con músicos escollidos e arriscados (seis en total) estando integrado por el, o seu irmán Alberto, Manolito Paz, o seu cuñado Pepe Sarmiento, Germán Olariaga e Enrique Paisal.

Presentáronse en Vigo, aproveitando a Coresma dese ano, e tocaron na Sala de Festas “La Marquesina” e máis no Clube Náutico, onde o Secretario era un coñecido noiés e onde, asimismo,

un empresario xudeo, que viña nun cruceiro marítimo e estaba nacionalizado en Mónaco, Monsieur Marley, os contratou para actuaren en Marrocos (Tánger, Casablanca, Marrakech, etc.) e máis tarde en Beirut (Líbano), Orán, e Arxel.

De Alxeria pasaron a Francia (Marsella) ó porse difícil a situación política, coa guerra independentista. En Marsella, no ano 1.961, agregóuselles Pucho Boedo, que acudira á chamada de Prudencio, por deserción de Olariaga, vocalista e violinista.

Traballou co grupo tamén moitas tempadas en Suiza e Alemaña, en sas de festa de Xinebra, e outras cidades.

No ano 1.962 grava cos Tamara o primeiro disco na casa francesa Bel-Air, single, que contiña os temas seguintes: “Esperanza”, “El otorrinolaringólogo”, “Pide” e “Canción del Sahara”, e no 64 cantan e gravan, por primeira vez en galego, o tema “Galicia, Terra nosa”, que tiña pola Cara B o éxito dequel entón “Gibraltareña”, imposto pola discográfica, diante do medo a que a canción en galego fora un fracaso.



Outro éxito, que levaba temas relacionados con Galicia foi o titulado “Puerto de Compostela”, que contiña cancións do seu amigo, o arxentino Ricardo Ceratto, en castelán, como son “A Santiago voy” e máis “Mi tierra gallega”. No ano 1.967 editouse un disco de panxoliñas (vilancicos en galego) cos temas “Pastores cantaille ó Neno” e “Os anxeliños do ceo”, da súa autoría. No ano 70 sae un LP titulado “Na fermosa Galicia”, co selo Zafiro.

Outro máis, titulado “Galicia Terra verde” (Marfer-74) contén poemas de Rosalía, Curros e Celso Emilio Ferreiro. Existe tamén un CD titulado “Agora e sempre” editado polo IGAEM (Inst. Galego das Artes Escénicas e Musicais) no ano 2.002.

No 76, aproveitando a baixa de Pucho, a causa da enfermidade do ril, que precisaba de diálise, disólvese o grupo e el pasa a traballar como director musical na Casa MARFER e a facer arreglos musicais para infinidade de artistas, que llelo solicitaban. Era membro da SGAE (Sociedad General de Autores de España) tanto como polo seu traballo de arreglista, coma polo de compositor.

Ó regresar a Noia faise cargo da fundación e da organización da Banda de Música de Outes, chamado polo entón alcalde Gonzalo P. Villaverde, a partires de “cero”, xa que tivo que escomenzar a formar ós alumnos primeiramente en solfeo,

ata facerlles coller o instrumento; pasa despois a traballar na Banda Infantil de Taragoña, que fundara un membro da familia dos Pincheiros.

Funda, asemade, a de Lousame (ano 94), na que estivo traballando ata un ano antes de falecer, e, “por libre”, organiza un grupo de Zarzuela (Amigos da Zarzuela) no Liceo de Noia, que chegou a estreir varios números e a levalos despois a distintas localidades da bisbarra. Colaborou, asemade, coa Revista “Alameda” do Liceo de Noia, para a que recopilou moitas cancións antigas, que a xente cantaba na vila desde tempo inmemorial.

Aínda desenrolou máis actividade musical tocando o órgano electrónico (armonio) con grupos de varias cantoras en funerais, vodas e outras celebracións relixiosas, por toda a bisbarra de Noia, e compoñendo pequenos motetes a dúas voces para seren interpretados por estes grupos.

Colaborou, sempre que lle foi solicitada axuda, tanto coa Coral do “Liceo de Noia”, chegando a facer de coralista con ela, en máis de algunha ocasión, (viaxou de ese xeito a Aveiro, en Portugal, e a San Sebastián, Santander e Asturias, no Norte de España), e tamén coa Coral Polifónica da localidade, tanto facéndolle arranxos e adaptacións musicais, coma acompañándoa co órgano en algunhas actuacións.

O grupo del, Los Tamara, nos tempos de máximo apoxeo chegou a cantar en sete idiomas (castelán, galego, inglés, francés, italiano, alemán e árabe).

O estilo do grupo podería ser clasificado coma unha mestura de soul e rock, e Prudencio era o arreglista, director e “alma mater”.

O nome do conxunto provén do latino do río, que lle da nome a segunda das Rías Baixas (a de Muros e Noia) e de aí sae o apelativo, que os antigos lle daban ós habitantes do Norte do Tambre: supertamáticos.

Hai distintas opinións encontradas no tocante a denominación do grupo: uns afirman que llelo suxeriu un ex-alcalde, o Sr. Manolo Ons, e outros din que saíu dunha

carta xeográfica antiga, colgada nos muros do Instituto, que Prudencio recordaba de cando neno, onde o Río Tambre aparecía coma o Tamaris Fluvius.

Nunha ocasión díxolle a un amigo uns catro anos máis novo ca

el : “se eu soubera catro posturas do violín coma ti... xa me defendía na vida!”



El, de forma autodidacta sabía facer música co saxofón, coa trompeta, co violín, coa guitarra, co baixo, co órgano, etc., e, sen ser un virtuoso en cada un deses instrumentos, era quen de facelos soar para que os seus alumnos aprendesen...

Había e hai moitos titulados de Conservatorio, que non fan o que fixo el, tanto no eido do ensino, coma no da armonización.

Prudencio faleceu no CHUS (Complexo Hospitalario Universitario de Santiago) o día 19 de Marzo do ano 2.007. Uns anos antes tivera un amago de infarto, que o mantivo internado algún tempo e alonxado da súa paixón: a música, pero voltou ó vello camiño. Nesa ocasión instaláranlle un marcapasos.

Uns días antes de falecer díxolle a un amigo, que levou ó Hospital para que lle fixeran unha sinxela operación de cambio de marcapasos: "para o martes que vén continuamos co traballo, que estamos a facer" (tratábase da preparación dun recopilatorio de Antigas cancións noiesas), pero a morte agardábao alí, na cidade, onde el empezara a coñecer os rudimentos da arte, á que adicou toda a súa vida.

Deixa viúva (Aripina Sarmiento-Pinita) e dous fillos, amén de varios netos, polos que devecía. Na homilía da Misa das súas exequias o Director da Coral Polifónica de Betanzos, coa que tamén colaborou en varias ocasións, xa que nela cantaran a súa irmá e o seu cuñado, desfíxose en louvanzas, poñendo de relevo as cualidades humanas de Prudencio, e na "Misa de saída", que oficiou o Párroco de San Martiño, uns días despois, este afirmou que ademáis dunha boa persoa Prudencio era un "bo cristián" e contou algunha anécdota que o corroboraba.

Un coñecido del, tamén músico, e "devoto" de Rosalía, que lle pedira os títulos musicados por el con textos da padronesa, afirmou que, sen porlle pega ningunha lle enviou todo o material, que tiña escrito sobre letras de Rosalía e que eso o fan somentes os "bos e xenerosos", coma Prudencio.

Como remate deste pequeno traballo citaremos algúns títulos en galego, gravados por Prudencio e o seu grupo: Mentras eu peno, As lanchas do xeito, Negra sombra, María Soliña, Monólogo do vello traballador, A meiga, Polo mar abaixo vai, Unha noite na eira do trigo, A outra nai, etc.

A produción total do grupo foi de 10 LP's e 62 singles, que desglosamos do xeito seguinte: 16 singles (13 con Zaphiro e 3 con Marfer); 13 EP's (5 con Bel-Air e 8 con Zaphiro); 2 LP's (1 con Marfer e outro con Zaphiro) e 4 CD's.

Ó longo da súa vida musical "Los Tamara" contaron, ademais dos fundadores, a Pucho Boedo, Sito Sedes, Antonio Vázquez (Tocho), Quique Alvarado, Antonio Cruz, Manuel Graña (Aio) e algún outro membro.



